

Resáltanse:

	<i>Conceptos repetidos 2 – 4 veces en distintas probas.</i>
	<i>Conceptos repetidos máis de 4 veces en distintas probas.</i>

NOTA: nalgúns pídesse explicar os aspectos que se indican (PAAU do 2001).

Clicka sobre a letra

A.....	1	G.....	7	P.....	10
B.....	2	H.....	7	S.....	12
C.....	3	I.....	8	T.....	12
D.....	5	L.....	9	V.....	12
E.....	5	M.....	9		
F.....	6	N.....	9		

A

● **ACUÍFERO** Libro de texto páx. 112 e páx.195

● **AFLORAMENTO OCEÁNICO** Libro de texto páx. 110

Reemprazo das augas superficiais por ascenso de augas profundas frías e cargadas de nutrientes.

● **AUDITORÍA AMBIENTAL** (*concepto e fins que persegue*)

Ou ecoauditoría (Regulamento 1836/93 da UE). É un instrumento de xestión ambiental de carácter correctivo encamiñado á avaliación das industrias para detectar a súa situación en relación cos requirimentos legais de previsión e calidade ambiental.

A auditoría ambiental ten por obxecto:

- Facilitar o control por parte da dirección, das prácticas que podan ter efectos sobre o ambiente.
- Avaliar a súa adecuación ás políticas ambientais da empresa.

Consiste nunha avaliación periódica dos procesos, tecnoloxías e actividades dunha determinada empresa que se presta de voluntariamente a ser revisada por un equipo técnico independente (auditor) especializado en xestión medioambiental co fin de detectar o seu grao de respecto cara o medio natural.

A auditoría implica a revisión dos comportamentos da empresa en relación co ambiente dende todos os puntos de vista: requirimentos legais, administrativos, sociais, económicos e territoriais e dos impactos ambientais que está a producir.

Á súa vez a empresa comprométese a poñer en práctica aquelas medidas, sistemas ou instrumentos de xestión que sexan necesarios para paliar as deficiencias detectadas e a restaurar os danos xa ocasionados.

Unha vez logrados os seus obxectivos ambientais a empresa auditada queda inscrita nun documento oficial da UE (o que a posibilita o acceso a certas subvencións e a integrar os custos ambientais na contabilidade global da empresa) e recibe un logotipo que pode ser utilizado con fins comerciais.

B

● **BIOCENOSE**

Compoñente biótico do ecosistema, defínese como o conxunto de poboacións que habitan nun ecosistema concreto e as relacións que se establecen entre eles.

● **BIOGÁS** (*concepto, orixe e aplicación*) **Libro de texto páx. 213 e páx. 386**

Biocombustible constituído por un 60 % de CH₄ e un 40 % de CO₂ producido pola descomposición anaerobia dos residuos orgánicos (biomasa) e que se obtén mediante a inserción de tubos no terreo onde se soterraron os residuos.

O seu uso é parello ao do gas natural. Pode ser utilizado en automóviles previa eliminación do CO₂.

C

● **CALIDADE VISUAL DA PAISAXE** **Libro de texto páx. 253**

É a valoración subxectiva da paisaxe mediante técnicas comparativas, descritivas ou analíticas. É unha calidade intrínseca da paisaxe que nos indica os seus valores estéticos (a súa beleza).

A súa valoración débese facer en tres niveis:

- A **calidade visual intrínseca**. É o atractivo visual propio da escena, deriva das características intrínsecas da paisaxe.
- A **calidade visual do contorno inmediato**. Trátase de avaliar o territorio circundante á escena en cuestión ata un radio máximo de 700 m.
- A **calidade visual do fondo escénico**. É dicir, a panorámica completa.

● **CAPACIDADE DE CARGA** **Libro de texto páx. 146**

Número máximo de individuos dunha poboación que pode soportar un ecosistema cunhas condicións ambientais dadas. *Límite de carga*


● **CFCs** (*concepto e comportamento na atmosfera*) **Libro de texto páx. 302 e páx. 310**

Os clorofluorocarbonos son hidrocarburos total ou parcialmente haloxenados con Cl, F e Br que se produciron masivamente a partir de 1930 para ser utilizados na industria do frío como axentes refrixerantes, propelentes de aerosois, disolventes, escumantes illantes, praguicidas agrícolas ou na loita contra os incendios.


Estas sustancias químicas parecían ter unha propiedade perfecta dende o punto de vista ambiental ao ser totalmente inertes na atmosfera e pensábase que non formarían compostos perigosos. Sen embargo, ao non se combinar na troposfera lles permite chegar ata a estratosfera onde a potente radiación ultravioleta si é capaz de descompoñelos, liberando átomos de cloro que reaccionan co ozono xa que actúan como catalizadores en reaccións de transformación do ozono en osíxeno molecular.

As reaccións que se producen son as seguintes:

- Fotólise dos CFC: $\text{CFCl}_3 + \text{UV} \rightarrow \text{CFCl}_2 + \text{Cl}$
- Destrucción do ozono:



CONCEPTOS



O resultado neto deste proceso é: $2 \text{O}_3 + h\nu \text{----} 3 \text{O}_2$

Durante a súa estancia na estratosfera (que pode durar 100 anos) cada átomo de cloro pode destruír de 20.000 a 100.000 moléculas de ozono antes de reaccionar con óxidos de nitróxeno, para formar nitrato de cloro e quedar bloqueado : $\text{NO}_x + \text{ClO} \text{---} \text{ClONO}_2$


A consecuencia é unha diminución no espesor da capa de ozono estratosférica. A perda de ozono é maior nos polos porque a temperaturas moi baixas (-80°C) os NO_x xéanse, inactívanse e non poden capturar átomos de Cl. Os NO_x actúan como núcleos de condensación, caendo xunto coa neve.

● CHUVIA ÁCIDA (*concepto e causas*) Libro de texto páx. 305

Retorno á superficie da Terra dos óxidos de xofre e nitróxeno emitidos á atmosfera en forma de ácidos disoltos nas gotas de chuva (deposición húmida), pero tamén en forma de nevadas, néboas e orballos.

O fenómeno da chuva ácida comeza cando o S e o N, presentes nos combustibles fósiles son liberados nos procesos de combustión como SO_2 e NO_x sofren un proceso de oxidación na atmosfera no que se forma ácido sulfúrico e ácido nítrico que se disolven nas gotas de auga que forman as nubes, podendo ser transportados polo vento a centos de quilómetros do foco emisor (contaminación transfronteriza) retornado ao solo por medio das precipitacións.

O dióxido de xofre é o que máis contribúe á acidez da auga de chuva xa que é máis soluble có dióxido de nitróxeno e a súa oxidación é máis fácil. As reaccións que desencadean a formación da chuva ácida son:



A intensidade da chuva ácida depende da velocidade das reaccións químicas que a orixinan, a presenza de humidade na atmosfera e a dinámica atmosférica que traslada os ións (sulfato, nitróxeno, hidróxeno) a distancias máis ou menos longas.

● CICLO BIOXEOQUÍMICO

● CICLO DO NITRÓXENO Libro de texto páx. 132

● COMPETENCIA Libro de texto páx. 150

Relación entre os individuos dunha ou máis especies que ao utilizar o mesmo recurso (alimento ou territorio) provocan a súa escaseza o que limita o desenvolvemento das poboacións. A competencia pode chegar ao extremo de non permitir a coexistencia de dúas poboacións distintas nun ecosistema.

Este tipo de relación dáse tanto entre individuos da mesma especie (competencia intraespecífica, por exemplo árbores (chopos, carballos, ...) moi xuntas que compiten pola luz, a auga e os sales minerais) como entre especies distintas (competencia interespecífica, por exemplo ovellas ou cabras, ou dous depredadores que compitan pola mesma presa) neste caso se os requerimentos son moi semellantes, unicamente sobrevive a poboación dunha das especies, mentres que a outra resulta excluída e pode acabar por desaparecer co tempo (principio de exclusión competitiva).

● CORRENTE DE DERIVA (*concepto e efectos*)

Corrente de deriva litoral provocada pola incidencia normalmente oblícuas das ondas sobre a costa cando hai ventos de dirección constante. Gran capacidade de arrastre de sedimentos e, se é

CONCEPTOS

continuado, pode orixinar sedimentos notables.

Transporte de materiais ao longo da liña de costa, formación de praias, erosión da base dos cantís, etc...

Corrente de deriva oceánica, producidas oblicuamente á dirección de ventos constantes e intensos (p.e. os alisios) debido á forza de Coriolis; en zonas próximas á costa provocan o ascenso de correntes profundas (upwelling ou afloramento) que son moi ricas en nutrientes.

D

- **DEMANDA BIOLÓXICA DE OSÍXENO (DBO)** (*concepto, diferencia deste concepto con respecto á DQO*) **Libro de texto páx. 320**

A **DBO** é un parámetro químico para determinar a calidade da auga. É unha **medida da cantidade de osíxeno disolto consumido polos microorganismos para oxidar a materia orgánica**.

Este proceso de oxidación é lento e os compostos orgánicos sinxelos (p.e. glicosa) oxídanse case completamente en 5 días mentres que os complexos só se degradan nun 40 % no mesmo período de tempo.

Existen diferentes formas de determinar este parámetro sendo a máis frecuente a que se refire ao período de incubación de 5 días (DBO_5), é dicir, a cantidade de O_2 que os organismos necesitan para degradar a materia orgánica, nun volume de auga, durante 5 días a unha temperatura de 30 °C.

A demanda química de osíxeno (**DQO**) mide a **cantidade de osíxeno gastado** en oxidar totalmente os compostos orgánicos presentes na auga, **mediante a utilización de axentes químicos** oxidados (dicromato potásico, permanganato potásico,...) nun medio ácido e en presenza de catalizadores inorgánicos. Emprégase para calcular a cantidade de O_2 necesaria na oxidación dos compostos presentes na auga, **sen a participación dos seres vivos**.

- **DESERTIZACIÓN** **Libro de texto páx. 112 e páx. 339**

Segundo a conferencia do PNUMA (Nairobi, 1977) defínese como o proceso de degradación ecolóxica polo cal a terra produtiva perde parte ou todo o seu potencial de produción o que leva á aparición das condicións desérticas.

E

- **EFEECTO CORIOLIS** (*concepto e efectos sobre a dinámica atmosférica*) **Libro de texto páx. 94**

Efecto de desviación que experimenta calquera obxecto, e especialmente os fluídos como a auga e o aire, que de desprace en dirección norte-sur, como consecuencia do movemento de rotación terrestre e do seu xiro en sentido antihorario (de oeste a leste). No hemisferio norte a desviación é cara á dereita cando o desprazamento é sentido sur e cara á esquerda nos desprazamentos dirixidos cara ao norte, ocorrendo loxicamente o contrario no hemisferio sur.

Forza consecuencia do movemento de rotación terrestre e do seu xiro en sentido antihorario (de oeste a leste) e que tende a curvar as traxectorias dos obxectos que se desprazan sobre a superficie terrestre. Non ten un valor constante, sendo máxima nos polos e diminúe progresivamente ata anularse no ecuador.

A forza de Coriolis desvía os ventos cara á dereita no hemisferio norte facendo que xiren en sentido horario en torno aos anticiclóns e antihorario nas borrascas. O sentido de xiro é ao revés no

CONCEPTOS

hemisferio sur (horario en borrascas e antihorario en anticiclóns) ao ser desviados os ventos cara á esquerda.

● ENDEMISMO Libro de texto páx. 356

Especie endémica é aquela que só se pode atopar nunha determinada zona ou territorio de extensión variable, sen existir representantes noutro lugar do planeta.

● EROSIÓN Libro de texto páx. 334

A erosión do solo é un proceso consistente na perda da capa superior fértil, debido á acción de fenómenos naturais (erosión eólica e hídrica) intensificada pola acción humana (deforestación,).

● ESPECIE ESTENOICA Libro de texto páx. 143

Aquela que presenta un límite de tolerancia estreito para un determinado factor abiótico. Son especies especialistas, respondendo de modo máis eficaz cando as condicións do medio lles son propicias.

● ESPECIE EURIOICA Libro de texto páx. 143

Aquela que posúe unha valencia ecolóxica ampla para un determinado factor abiótico. Son especies xeneralistas, tolerantes ás variacións das condicións do medio.

F

● FONTE DE ENERXÍA RENOVABLE

● FRAXILIDADE VISUAL DA PAISAXE (*concepto e factores que a condicionan*) Libro de texto páx. 253

É a susceptibilidade dunha paisaxe ao cambio. Indica o grao de deterioro visual que pode sufrir unha paisaxe como consecuencia do uso a que se destine.

A fraxilidade visual depende, en primeiro lugar, do tipo de actividade que se desexa desenvolver e, neste sentido, deberíase especificar a súa fraxilidade para cada unha das posibles actuacións que se poidan realizar nel; e, en segundo lugar, dun conxunto de compoñentes da paisaxe (compoñente xeomorfolóxico, vexetación e cunca visual) e de factores externos (factores históricos-culturais e accesibilidade).

Un concepto oposto ao de fraxilidade visual é a de capacidade de absorción visual, é dicir, a aptitude dunha paisaxe para acoller posibles modificacións ou impactos sen producir unha diminución grave da súa calidade visual. Así unha paisaxe de gran fraxilidade presenta pouca capacidade de absorción visual e viceversa.

● FILTRO VERDE Libro páx. 195 (zonas pantanosas e humidaís)

Sistema non convencional para a depuración e reutilización de augas residuais consistente en terreos cubertos de vexetación arbórea de crecemento rápido (p.ex. chopos) sobre os que se realiza o vertido das augas residuais e que por medio dos procesos físicos, químicos e biolóxicos do solo nos que interveñen os microorganismos que nel se atopan, prodúcese a súa depuración. Trátase dun sistema sinxelo, barato e idóneo para pequenas poboacións aínda que non é moi utilizado no noso país.

G

● **GOTA FRÍA** *Libro de texto páx. 275*

A gota fría fórmase cando coinciden tres acontecementos: mar quente, atmosfera inestable na superficie e aire frío en altura.

Cando o mar se encontra a temperaturas altas, como o Mediterráneo ao final del verano que puede chegar a estar a cerca de 30 °C en zonas próximas á costa, desprende moito vapor de auga. Se nesta situación chega unha borrasca ou unha fronte fría e hai unha bolsa de aire frío en altura (procedente da debilitación das correntes en chorro ao final do verán) prodúcese unha situación de inestabilidade do aire superficial, que aumenta conforme ascendemos.

O vapor de auga, que o mar libera en gran cantidade, ascende arrastrado pola inestabilidade co que a súa humidade relativa aumenta chegando a condensar ao encontrarse coa zona fría, formándose una nube.

Esta nube pode ir agrandándose a gran velocidade porque o vapor ascendente encontra moita facilidade para subir ao encontrarse con zonas máis frías, e con este frío vai condensándose cada vez máis auga (saturación). En moi poucas horas pódense formar grandes nubes tormentosas, do tipo dos cúmulonimbos, que aínda que non teñan unha gran extensión en horizontal, poden chegar a ter máis de 10 km de altura. Estes cúmulonimbos descargan unha forte chuvia, normalmente acompañada dun gran aparato eléctrico e de sarabia.

H

● **HIDROGRAMA** *(concepto e aplicación)* **Libro de texto páx. 66 e páx.115**

Os hidrogramas son gráficas que relacionan as variacións do caudal dun río co tempo. Utilízanse para a prevención das avenidas, para valorar as inundacións e para determinar o aproveitamento hidráulico.

● **HORIZONTE DUN SOLO** *(concepto e tipos)* **Libro de texto páx. 162**

Cada unha das capas que se observan na estrutura en corte transversal dun solo (perfil); o seu número está directamente relacionado co grao de madurez do solo.

Nun solo ideal distínguense os seguintes horizontes:

- **Horizonte A** ou de lixiviado. Contén poucos sales minerais xa que son arrastrados polas augas durante a súa infiltración. Nesta zona encóntranse as raíces da maioría das plantas. Divídese, a súa vez, en varios estratos:
 - Nivel A₀, constituído por follas caídas e restos de animais non descompostos.
 - Nivel A₁, de cor escura, constituído polo humus que forma agregados coa materia mineral conferíndolle ao solo a súa estrutura e a súa capacidade de intercambio iónico e de retención de auga.
 - Nivel A₂, predomina a materia mineral e o lavado é máis intenso.
- **Horizonte B** ou de precipitación. Pobre en humus, presenta frecuentemente tonalidades peculiares debido á acumulación de sales de Ca, Al ou Fe procedente do nivel superior.
- **Horizonte C**. Formado por fragmentos procedentes da meteorización (mecánica e/ou química) da rocha nai subxacente ou ben por materiais que foron depositados pola auga ou polo vento en épocas pasadas.
- **Rocha nai**. Material orixinal sobre o que se desenvolve o solo.

● **HUMIDADE ATMOSFÉRICA** (*concepto e formas de expresión*) (Libro de texto páx. 82)

A humidade atmosférica é a cantidade de auga, en forma de vapor, que hai na atmosfera. Pódese expresar de dúas formas:

- **Humidade absoluta:** é a cantidade (masa) de vapor de auga que hai nun volume determinado de aire. Exprésase en g/m^3 .
- **Humidade relativa:** é a cantidade (masa), en tanto por cento, de vapor de auga que hai en 1 m^3 de aire en relación coa máxima que podería conter á temperatura na que se encontra.

!

● **ILLA DE CALOR** Libro de texto páx. 304

Efecto debido á presenza de núcleos urbanos que inflúen nos movementos das masas de aire, diminuíndo ou freando a súa velocidade (presencia de edificios) e formando turbulencias (disposición das rúas). O que fai que a temperatura no interior da cidade sexa máis alta que na súa periferia, pola calor que se produce nas combustións (vehículos, calefaccións, ...) e a desprendida por edificios e pavimento. Isto favorece a aparición de brisas urbanas, circulacións cíclicas das masas de aire frío da periferia debidas ao ascenso de aire quente do interior da cidade, provocando unha situación de baixas presións que atraen as masas de aire frío dende a periferia cara ó interior.

Estes feitos contribúen a dificultar a dispersión dos contaminantes, favorecendo a súa concentración e orixinando a típica formación urbana denominada *cúpula de contaminantes* que se ve incrementada por situacións anticiclónicas e que pode ser eliminada pola chegada de frontes frías que aporten ventos e chuvias á cidade.

● **INCINERACIÓN DE RESIDUOS** (*concepto, vantaxes e inconvenientes*). Libro de texto páx. 378 e 387

Método de eliminación dos residuos consistente nun proceso de combustión térmica controlada que provoca unha oxidación do carbono e do hidróxeno presentes na materia orgánica dos residuos, obténdose como produtos cinzas, CO_2 e H_2O . Se no lixo existen ademais plásticos tamén se producen dioxinas e furanos.

Vantaxes	Inconvenientes
■ Conséguese reducir o peso e o volume dos lixos sólidos en pouco tempo e espazo. ■ Os materiais incombustibles, os non queimados, as cinzas e as escouras formadas na combustión pódense empregar para o recheo en construción logo da súa análise. ■ Durante o proceso de incineración libéranse grandes cantidades de enerxía que é posible recuperar para xerar enerxía eléctrica.	■ Elevado custo de instalación e explotación. ■ Consumo enerxético (combustibles) para o seu funcionamento. ■ Impacto ambiental por contaminación gasosa, as dioxinas e furanos serían os contaminantes máis perigosos. ■ Certas escouras e cinzas deben ser eliminadas en vertedoiros.

● **INVERSIÓN TÉRMICA** (*concepto, condicións que propician a súa aparición e consecuencias desde o punto de vista da contaminación*) Libro de texto páx. 92

É o espazo aéreo no cal a temperatura aumenta coa altura en vez de diminuír, é dicir, o gradiente térmico vertical é negativo ($\text{GVT} < 0$).

CONCEPTOS

Isto quere dicir que hai aire frío, en contacto coa superficie terrestre, por debaixo do aire máis quente o que impide os movementos verticais do aire; nestas circunstancias os contaminantes quedan atrapados cerca da superficie, situación que se pode agravar se se forma néboa (nubes a rentes do chan).

As inversións térmicas pódense presentar a calquera altura da troposfera (de feito a tropopausa representa unha inversión térmica permanente).

Sen embargo adoitan producirse no inverno, cando as noites son máis longas có día e a superficie terrestre arrefría moito, provocando que o aire en contacto coa superficie arrefría máis rapidamente có aire situado por riba. Este fenómeno vese favorecido polos días despexados, sen nubes e a ausencia de vento.

L

● **LÍMITE DE CARGA** Libro de texto páx. 146: capacidade portadora

Ou capacidade de carga (K) é a cantidade máxima de biomasa, produción ou o número máximo de individuos que pode acumular un sistema, en función dos factores limitantes do medio, tanto bióticos como abióticos.

M

● **METEORIZACIÓN MECÁNICA** Libro de texto páx. 62

Disgregación mecánica das rocas debida ao efecto xeo-desxeo (xelivación), contracción – dilatación, descompresión, etc.. Se produce “in situ”, sen transporte.

● **MOVEMENTOS GRAVITATORIOS DE LADEIRA** Libro de texto páx. 279

Desprazamentos dos materiais dunha aba ou dun noiro inducidos polo seu propio peso. Estes movementos afectan á totalidade da capa superficial de material solto (tanto ao solo como as rochas) resultante da meteorización, provocando inestabilidade. O axente xeolóxico causante é a gravidade e pode chegar a mobilizar grandes volumes de material.

N

● **NICHO ECOLÓXICO**

Conxunto de circunstancias, relacións co ambiente, conexión tróficas e funcións ecolóxicas que definen o **papel desempeñado por unha especie no ecosistema**.

Distínguense dous **tipos** de nicho ecolóxico:

- **Nicho potencial** (ideal ou fisiolóxico). Aquel que cumpre os requisitos máximos esixidos por unha determinada especie, é dicir o que tería unha especie sen a existencia de especies afíns que compitan con ela. Pódese conseguir en condicións de laboratorio.
- **Nicho efectivo** ou real. O ocupado pola especie en condicións naturais, coa competencia doutras especies afíns. Determina o tamaño das poboacións nun ecosistema determinado.

Na natureza a competencia fai que as especies perdan parte ou a totalidade (exclusión competitiva) do seu nicho cando existe solapamento deste entre unhas e outras. A especie gañadora será sempre a mellor adaptada a el, a máis especialista.

P

● **PARASITISMO** (*concepto e tipos*) **Libro de texto páx. 150**

Relación intraespecífica binaria na que un individuo (parasito) sae beneficiado e outro (hóspede) prexudicado.

Existen dúas clases de parasitismo:

- Parasitos obrigados: aqueles que levan unha vida parasita permanentemente.
- Parasitos facultativos: poden levar unha vida libre.
- Ectoparasitismo: o parasito vive sobre o corpo do hóspede (pulgas, piollos, ...)
- Endoparasitismo: o parasito vive dentro do organismo hóspede (tenia, doela do fígado, ...)

● **PERIGOSIDADE** **Libro de texto páx. 263**

É a probabilidade de ocorrencia dun fenómeno cunha severidade que o fai potencialmente dañino nun lugar determinado e dentro dun intervalo de tempo específico.

A perigosidade valórase dende 3 puntos de vista: a severidade ou grao de perigosidade, o tempo de retorno e a distribución xeográfica.

● **PIRÁMIDES ECOLÓXICAS** **Libro de texto páx. 140**

Esquemas gráficos que se utilizan para representar cuantitativamente as relacións tróficas entre os distintos niveis dun ecosistema mediante unha serie de barras superpostas que teñen unha altura constante e unha lonxitude proporcional ao parámetro medido: enerxía acumulada, biomasa ou número de individuos.

● **PRECIPITACIÓN** (*concepto e tipos*)

É a caída de auga líquida ou sólida sobre a superficie terrestre. Para que se produzan é necesario a formación de nubes mediante convección térmica, ascenso orográfico, ...

As precipitacións máis frecuentes son a chuvia, a sarabia e a neve.

- Chuvia: precipitacións en forma líquida. Pode ser: chovisca (suave, orixinada por un altoestrato); chuva persistente (producidas por nimboestratos, abarca unha gran superficie), chuvasco (forte e pouco duradeira, procede dun cúmulonimbo); chuvias torrenciais (precipitacións superiores aos 200 litros por metro cadrado durante un período de 24 horas).
- Neve e sarabia: precipitacións sólidas. Prodúcese no cume dun cúmulonimbo ao chocar entre si os cristaliños de xeo, formándose cristais hexagonais que se unen entre si formando os copos de neve.

A sarabia fórmase nas tormentas de primavera ou verán cando os cristais de xeo do cume caen ata a zona intermedia do cúmulonimbo e os envolve a humidade. Se as correntes térmicas o elevan de novo, engádesse unha capa máis de xeo, facendo que aumente o seu diámetro. Cando o proceso se repite varias veces, crece o número de capas de xeo co que o cristal de xeo aumenta o seu diámetro e cae. A sarabia de gran tamaño chámase pedrazo.

● **POTENCIAL BIÓTICO** (*concepto e tipos de especies polo seu potencial biótico*) **Libro de texto páx. 145 e 144.**

Potencial biótico dunha poboación é a taxa de crecemento máxima que pode alcanzar dita poboación.

CONCEPTOS

Este valor teórico máximo acádase cando as condicións son óptimas para a poboación, sen ningún factor extrínseco que límite o seu crecemento. Nestas condicións a taxa de natalidade é máxima e a de mortalidade mínima.

En función das diferenzas en canto aos valores do potencial biótico existen dúas estratexias de reprodución:

- **Especies r-estrategas:** especies cun potencial biótico moi alto, en condicións óptimas teñen un crecemento explosivo das súas poboacións. Elevadas taxas de natalidade e tempo de xeración, vida media moi curta. Son especies adaptadas a colonizar medios moi inestables ou fortemente explotados, que aproveitan a máis mínima melloría nas condicións ambientais para producir o maior número posible de individuos no menor tempo posible, e así compensar as grandes perdas que van sufrir cando empeoren as condicións.

Ex: insectos, peixes

- **Especies k-estrategas:** especies con potencial biótico baixo. Baixas taxas de natalidade e mortalidade, vida media longa. Basean a súa supervivencia na lonxevidade dos seus individuos e en producir descendentes con maiores capacidades para competir, pero tamén enerxeticamente máis custosos. O tamaño das poboacións adóitase situar por debaixo do valor da capacidade de carga o que asegura aos individuos máis recursos dos que chegan a consumir e, xa que logo, a súa supervivencia.

Ex: mamíferos....

● **PRODUCCIÓN** Libro de texto páx. 137

Parámetro trófico que representa a cantidade de enerxía que flúe por cada nivel trófico. Adoita expresarse en g C/m².día, xulios, e pódese cuantificar de varias formas:

- **Producción primaria:** é a enerxía fixada polos organismos autótrofos (produtores). Biomasa producida na unidade de tempo.
- **Producción secundaria:** é a correspondente ao resto dos niveis tróficos. Biomasa producida na unidade de tempo polo resto dos niveis tróficos (consumidores, fundamentalmente)

En ambos casos hai que diferenciar entre:

- **Producción bruta (PB):** é a cantidade total de enerxía **fixada** por unidade de superficie ou volume na unidade de tempo. No caso dos produtores representa o total fotosintetizado por día ou ano. No caso dos consumidores, corresponde a cantidade de alimento asimilado do total inxerido.
- **Producción neta (PN):** é a enerxía **almacenada** en cada nivel por unidade de tempo potencialmente transferible aos seguintes niveis. Representa o aumento de biomasa por unidade de tempo e obtense restando da produción bruta a enerxía consumida nos procesos metabólicos, fundamentalmente a respiración (R): **PN = PB – R.**

● **PRODUTIVIDADE** Libro de texto páx. 137

Parámetro trófico que expresa a relación existente entre a produción (cantidade de enerxía almacenada por unidade de tempo) e a biomasa (materia orgánica), é dicir, entre os “intereses” (a produción neta) e o “capital” (a biomasa). **p = P/B** (onde p: produtividade; P: produción e B: biomasa).

Podemos expresala como:

- **Produtividade bruta (pB):** relación existente entre a produción bruta (PB) e a biomasa (B)

CONCEPTOS

$$pB = PB/B$$

- **Produtividade neta** ou **taxa de renovación** (r): relación existente entre a produción bruta (PN) e a biomasa (B). $r = PN/B$. Varía entre 0 e 1 e indica a produción de nova biomasa en cada nivel trófico en relación coa biomasa existente.

S

● **SMOG** Libro de texto páx. 304

Efecto local ocasionado pola contaminación urbana do aire consistente na formación de néboas contaminantes (smog = *smoke* (fume) + *fog* (néboa)). O smog é unha néboa estable, formada normalmente en situacións anticiclónicas ou de inversión térmica, que acumula grandes cantidades de contaminantes (SO₂, O₃, ...) ocasionando graves efectos sobre os seres vivos (irritación de mucosas, afeccións respiratorias, ...) e os materiais (degradación do caucho, do coiro ...)

● **SOLOS EXPANSIVOS** Libro de texto páx. 283

Solos constituídos por certos materiais como arxilas, margas ou limos arxilosos; aínda que tamén é frecuente en anhidritas cando se hidratan e se transforman en xeso. Son solos que sofren cambios de volume xa que estes materiais ínchanse por hidratación e se agretan por retracción ao perder auga durante as épocas de seca dando lugar a perda de asentamento de cimentos e muros, deformación dos pavimentos e beirarúas, movementos nas ladeiras, rotura de canos e drenaxes ...

● **SUCESIÓN ECOLÓXICA** Libro de texto páx. 152

Son os cambios producidos nun ecosistema ao longo do tempo; é un proceso dinámico resultante das interaccións entre os factores bióticos e abióticos que dá lugar á formación dun ecosistema complexo e estable.

T

● **TAXA DE RENOVACIÓN**

Velocidade coa que se renova a biomasa nun ecosistema ou nun nivel trófico. *Ver tamén produtividade.*

V

● **VALENCIA ECOLÓXICA** Libro de texto páx. 143

Campo ou intervalo de tolerancia dunha especie respecto a un factor abiótico calquera do medio (luz, temperatura, humidade, salinidade, fósforo, nitróxeno, pH, etc ...) que actúa como factor limitante.